

CONSELLO INTERNACIONAL DE ARQUIVOS
COMITÉ DE BOAS PRÁCTICAS E NORMAS
GRUPO DE TRABAJO SOBRE O ACCESO

Principios de acceso aos arquivos

*Documento aprobado pola Asemblea Xeral o 24 de agosto de
2012*

ÍNDICE

PREFACIO

INTRODUCCIÓN

PRINCIPIOS DE ACCESO AOS ARQUIVOS

GLOSARIO

PREFACIO

O acceso é a dispoñibilidade dos documentos para a súa consulta como resultado tanto dunha autorización legal como da existencia de instrumentos de descrición. Desde 1994 o Consello Internacional de Arquivos (ICA) publicou catro normas sobre descrición arquivística: ISAD (G) en 1994, ISAAR (CPF) en 1996, ISDF en 2008, e ISDIAH en 2008. Estas normas aplícanse aos instrumentos de descrición, un dos dous elementos clave para o acceso aos arquivos; estas normas transformaron a práctica da descrición. Esta declaración de *Principios de acceso aos arquivos (os Principios)* céntranse noutro elemento relativo ao acceso: a autoridade legal para consultar os arquivos.

Desde hai moito tempo o Consello Internacional de Arquivos vén preocupándose polo tema do acceso aos arquivos. A partir dos cambios políticos experimentados en Europa nos comezos da década de 1990, os arquivistas europeos desenvolveron o "Esquema dunha norma europea sobre a política de acceso aos arquivos", que se adoptou como liña de actuación do ICA na Asemblea Xeral Anual de Edimburgo, en 1997. Este *Esquema*, no entanto, centrábase case exclusivamente no acceso a arquivos das administracións públicas, cunha soa mención sobre o acceso a documentos non gobernamentais: "Recoméndase, na medida do posible, que se realicen esforzos para acadar acordos sobre o acceso aos arquivos privados, en consonancia cos que se realicen para os arquivos públicos".

Dous documentos adicionais do ICA subliñan a importancia do acceso como un elemento da práctica arquivística: o *Código deontolóxico* de 1996 e a *Declaración Universal de Arquivos* de 2010. O *Código deontolóxico* afirma nos principios 6 e 7:

Principio 6: os arquivistas deberán promover o acceso máis amplo posible aos materiais de arquivo e proporcionar un servizo imparcial a todos os usuarios.

Principio 7: os arquivistas deberán respectar tanto o acceso coma a privacidade, e actuaren dentro dos límites da lexislación aplicable.

A *Declaración Universal de Arquivos* apunta:

A necesidade básica que teñen os arquivos de apoiar a eficiencia administrativa, a

responsabilidade e a transparencia para protexer os dereitos dos cidadáns, para establecer a memoria individual e colectiva, para comprender o pasado e para documentar o presente, co fin de encamiñar futuras accións.

e identifica unha das funcións básicas dos arquivistas, que é:

facer accesibles os documentos para o seu uso.

e compromete aos arquivistas para que traballen xuntos a prol de que:

os arquivos sexan accesibles a todos, á vez que se respecten as leis pertinentes e os dereitos dos individuos, dos produtores, dos propietarios e dos usuarios.

Na primavera de 2010, o Comité do ICA de Boas Prácticas e Normas solicitoulle a un pequeno grupo de arquivistas que analizasen a posibilidade de desenvolver unha norma de boa práctica para o acceso público a todos os arquivos, gobernamentais e no gobernamentais. Os integrantes do Grupo de Traballo representaban unha diversidade de tradicións arquivísticas: Trudy Huskamp Peterson, Estados Unidos, da Sección de Asociacións Profesionais, exerceu a presidencia; como figuraban Sarah Choy, Consello Lexislativo de Arquivos de Hong Kong, da Rama Rexional do Leste Asiático; Victoras Domarkas, dos Arquivos de Lituania, Rama Rexional Europea (EURBICA); Chido Houbraken, Países Baixos, consultor en xestión de arquivos, EURBICA; Silvia Ninita de Moura Estevão, Arquivo Nacional de Brasil, Asociación Latinoamericana de Arquivos; Helene Servant, Servizo Interministerial de Arquivos de Francia, EURBICA; Maggie Shapley, arquivos da Universidade Nacional de Australia, Sección de Arquivos Universitarios e Institucións de Investigación (SUV).¹

Tras unha reunión inicial en París, en maio do 2010, os membros do grupo elaboraron dous borradores dos documentos principais: unha declaración de *Principios de acceso aos arquivos* e un informe técnico que proporcionaba consellos para a aplicación dos *Principios*. Posteriormente o Grupo de Traballo invitou aos presidentes dos órganos do ICA que non estaban representados no Grupo e que traballan adoito sobre temas de acceso, para que designasen un dos seus membros para ler e comentar o borrador e participar nunha reunión consultiva sobre os *principios* en París, en febreiro de 2011. O Grupo Consultivo incluíu a Didier Bondue, representante da Sección de Arquivos de Empresas e Traballo, Fatoumatta Cisse, da Rama Rexional de África Occidental, Kim Eberhard, da Sección de Arquivos de Igrexas e Confesións Relixiosas, Soufi Fouade, da Rama Rexional Árabe, Deborah Jenkins, da Sección de Arquivos Locais, Municipais e Territoriais, Jan Lohman, da Sección de Organizacións Internacionais, Ivan Murambiwa, da Rama Rexional de África Oriental e Meridional, Gunther Schefbeck, da Sección de Arquivos Parlamentarios e Partidos Políticos, e David Sutton, da Sección de Arquivos Literarios e Artísticos. O Grupo Consultivo acordou que o ICA debería adoptar un conxunto de principios de acceso e faría varias suxestións verbo do texto dos dous documentos principais.

O Grupo de Traballo reformulou os dous documentos, fíxoos circular dentro do Grupo Consultivo, e editounos novamente. Os *Principios* revisados, xunto cun plan e calendario de debate xeral, foron analizados polo Consello Executivo do ICA, na súa xuntanza de marzo do 2010. O Comité aprobou o plan e o calendario para a consulta; debido a que o acceso é

¹ Sinalar que no Grupo de Traballo os membros actuaron na súa calidade de expertos individuais. A declaración de práctica profesional non reflicte necesariamente a política oficial ou as visións dos organismos gobernamentais, institucións u organizacións nas que os membros traballan ou están afiliados.



international council on archives
conseil international des archives

un asunto relevante para numerosos grupos de usuarios, o plan previa compartir o borrador con grupos de usuarios e organizacións vinculadas e solicitar os seus comentarios. O Consello Executivo tamén analizou os *Principios*, que se revisaron tendo en conta as opinións expresadas.

Os *Principios* déronse a coñecer para a súa análise pública en agosto de 2011 e o período para aportar comentarios concluíu nos comezos de febreiro de 2012. Amais de publicar o borrador na páxina web do ICA e remitir un correo electrónico aos membros do ICA, en xaneiro de 2012, lembrando que o período para achegar comentarios estaba aínda aberto, cursáronse invitacións a case unha ducia de organizacións e asociacións de profesionais próximas a este tema para que expuxesen o seu punto de vista. Recibíronse vinte e sete comentarios. Cinco deles procedían de arquivos nacionais -Bélxica, Canadá, Italia, Paraguai e Reino Unido-. Dous comentarios procedían da Society of American Archivists. Outros dous comentarios procedían de profesións cercanas - Internacional Federation of Libraries e Society for History of American Foreign Relations-, amais da procedente da Asociación de Historiadores da Italia Moderna, cuxos comentarios estaban incorporados aos da Dirección Xeral de Arquivos de Italia. Un comentario procedía do ICA, Sección SUV. Outro chegou dun grupo de once historiadores africanos. O resto eran comentarios de arquivistas, a título individual, de Argentina, Australia, Francia, España, Suíza, Estados Unidos e Zimbabue; representan arquivistas que traballan en arquivos públicos (de distintos niveis) e de universidades; noutros casos non poden identificarse nin o país nin a institución.

Logo de finalizado o período para achegar comentarios, o Grupo de Traballo leunos todos e revisou os borradores. Nese momento o Grupo de Traballo considerou que as *Directrices técnicas* presentaban algunhas contradicións con respecto dos *Principios*, o que conducía á confusión dalgúns dos que as leran, e recomendou difundir as *Directrices técnicas* como un documento de apoio aos *Principios* cando estes se aprobasen. Os *Principios* xa revisados remitíronse ao Consello Executivo para a súa análise na xuntanza da primavera de 2012. Os comentarios realizados polos membros da Comisión do Programa e do Consello Executivo durante esta reunión compartíronse co Grupo de Traballo e, a partir dese momento, realizáronse as revisións.

Os *Principios de acceso aos arquivos* están compostos por 10 principios cun comentario que explica cada un deles; os *Principios* e o comentario considerados no seu conxunto constitúen a base da práctica profesional. Os *Principios* están acompañados dun breve glosario.

Os membros do Grupo de Traballo recoñecen que a meirande parte dos gobernos e moitas institucións teñen unha rica historia na xestión do acceso. Para esas institucións arquivísticas esta práctica é un complemento para todos os procesos existentes, que permiten aos arquivistas comparar as prácticas institucionais cunha referencia externa e reforzalas no seu caso. Naquelas outras institucións onde as prácticas sobre acceso son pouco consistentes ou ignoradas, a declaración de principios da práctica profesional proporciona unha guía para o exame e a revisión dos procesos. Os membros do Grupo de Traballo cren que os *Principios* son unha declaración sólida de práctica profesional que beneficiará aos arquivistas.

INTRODUCCIÓN

Os arquivos consérvanse para o uso das xeracións actuais e futuras. O acceso une os

arquivos co público, facilítalles información aos usuarios sobre a institución e o seus fondos, ten unha repercusión sobre a confianza que o público pode depositar sobre quen custodia os arquivos e sobre os servizos que facilitan. Os arquivistas son os piares dunha cultura da accesibilidade, pero deben cumprir as restricións establecidas polas leis e outras autoridades, a ética e polos requisitos dos doantes. Cando as restricións son inevitables, estas deben ser claras e limitadas na súa aplicación e no tempo. Os arquivistas son unha parte fundamental para deseñar disposicións claras e normas coherentes, e en ausencia de directrices inequívocas, os arquivistas proporcionan un correcto acceso en consideración á súa ética profesional, á equidade e imparcialidade, e aos requisitos legais. Os arquivistas garanten que as restricións se apliquen dun xeito xusto e motivado e evitan o acceso non autorizado aos arquivos con algún tipo de restrición e, igualmente, facilitan o uso máis amplo posible dos arquivos mediante a vixilancia do que está restrinxido, procurando que estas restricións non se prolonguen no tempo máis do necesario. Os arquivistas adhírense aos *Principios de acceso aos arquivos* a través da formulación e da aplicación de políticas de acceso.

Finalidade dos *Principios de acceso aos arquivos*

Os *Principios de acceso aos arquivos* proporcionan aos arquivistas unha referencia internacional autorizada coa que contrastar as súas políticas e prácticas de acceso e un marco para utilizar cando desenvolvan novas normas de acceso ou modifiquen as existentes.

Ámbito dos *Principios de Acceso aos Arquivos*

Os *Principios de acceso aos arquivos* abarcan tanto os dereitos de acceso do público coma as responsabilidades dos arquivistas para facilitaren o acceso aos arquivos e á información sobre eles.

Os *Principios* recoñecen que a xestión do acceso implica tamén a súa restrición, en función do tipo de información contida nos arquivos.

Os *Principios* recoñecen, así mesmo, que nalgúns países diversas leis que codifican as normas de acceso son incoherentes entre si. Isto é aplicable tanto aos arquivos que dependen da administración pública coma aos arquivos privados, de organismos non gobernamentais. Os arquivistas fomentan activamente que os gobernos, parlamentos e tribunais harmonicen ás leis sobre o acceso.

Os *Principios* son de aplicación tanto para os arquivos gobernamentais coma para os non gobernamentais. A posta en práctica destes *Principios* pode diferir nos arquivos públicos e nos privados.

Os *Principios* dan por feito que os arquivistas se involucran activamente para garantiren a transferencia dos documentos de valor permanente para a súa custodia nun arquivo, pois para o público o acceso é máis factible cando a documentación se custodia en arquivos e non no organismo produtor.

Os *Principios* non inclúen cuestións xerais relativas ao servizo de referencia nin ás normas de prestación do mesmo, nin as cuestións acerca dos recursos necesarios para levalos á práctica.

Os *Principios* non contemplan temas relacionados coa propiedade intelectual, xa que o acceso aos documentos sometidos ao *copyright* está permitido, do mesmo xeito que poden

facerse copias sempre que estas se fagan de acordo coas normas. Os *Principios* entenden, así mesmo, que a necesidade de protexer os documentos orixinais do deterioro producido pola manipulación poden limitar o acceso físico, sen embargo os arquivistas proporcionan acceso á información que conteñen.

Cada principio está acompañado dun comentario; os *Principios* e os comentarios conxuntamente constitúen os *Principios de acceso aos arquivos*.

Responsabilidades para a aplicación dos *Principios de acceso aos arquivos*

As institucións posuidoras de arquivos teñen a obriga de comparar as normas que teñen sobre acceso con estes *Principios* e de adoptar estes *Principios* como unha guía profesional para o acceso aos arquivos que custodian. As principais responsabilidades na aplicación destes *Principios* están compartidas polos produtores da documentación, os arquivistas, os doadores e por todo o persoal daquelas institucións que entregan os seus documentos para a custodia nun arquivo.

- Unha persoa dentro do arquivo ou na entidade da que dependa debe asumir e responsabilizarse do programa de acceso. Este funcionario ou grupo deben ter a suficiente autoridade para garantir tanto o acceso no momento oportuno como a protección segura da información. Os directivos destas institucións son os responsables de apoiar os programas de acceso dos arquivos, proporcionando o seu adecuado financiamento e garantindo que o persoal teña preparación profesional suficiente e o apoio necesario para realizar estas tarefas con eficacia en beneficio dos usuarios, arquivos, produtores dos documentos e doadores.
- Os arquivistas son os responsables de deseñar, aplicar e manter os sistemas de control do acceso. Todos os funcionarios deben entender os principios sobre o acceso e a responsabilidade de non divulgar información que aínda non cumpre co necesario procedemento de aprobación para o seu uso público. Os arquivistas que participan nos procesos de toma de decisión sobre o acceso deberían ter un adecuado coñecemento sobre a lexislación e os prácticas de acceso, así como das necesidades dos usuarios. Os arquivistas deben formar os novos membros do persoal no manexo do programa de acceso en función do traballo que desempeñen.
- Os doadores e o persoal da institución que transfere documentos para a súa custodia nunha institución arquivística son conscientes que se preservan para que poidan ser accesibles. Se algunha información debese restrinxirse para o uso público por un período de tempo, hanse responsabilizar para establecer claramente de que información se trata, as razóns da restrición e o período que dure. O persoal da institución produtora dos documentos e os doadores han xestionar todo isto cos arquivistas nun clima de cooperación e confianza.

Apoiar un programa sobre acceso tamén ha ser unha tarefa de xuristas, informáticos, profesionais da seguridade e de especialistas en desclasificar documentos. Os xuristas deben comprender os principios básicos da xestión de arquivos e apoiar o arquivo como medida de equilibrio entre as necesidades institucionais e as dos usuarios no marco da lexislación aplicable. Os xestores dos sistemas informáticos son os responsables de garantir que toda a documentación sexa exacta e que estea dispoñible para os arquivistas e os usuarios cando así o requiran, e que a documentación restrinxida estea protexida para que ninguén non autorizado teña acceso a ela. O persoal de seguridade é responsable de asegurar e controlar o acceso aos depósitos, especialmente a aqueles lugares onde se encontran os documentos restrinxidos. Os especialistas en desclasificación de documentos,

en concreto quen traballe nas oficinas produtoras de documentos susceptibles de seren desclasificados, han proporcionar informes de desclasificación fundados e oportunos.

Nota: nos *Principios* a palabra "arquivo" refírese ao conxunto de documentos dunha institución, máis que á institución en si.

Principios de acceso aos arquivos

1. O público ten dereito de acceso aos arquivos dos organismos públicos. Tanto as entidades públicas coma as privadas deben abrir os seus arquivos da forma máis ampla posible.

O acceso aos arquivos das administracións públicas é fundamental para que exista unha sociedade informada. A democracia, a obriga de render contas, a boa administración e o compromiso coa cidadanía requiren unha garantía legal para que os individuos poidan ter acceso aos arquivos de organismos públicos dos gobernos nacionais, territorios autónomos, gobernos locais, institucións intergubernamentais e calquera organización ou persoa física ou xurídica que desempeñe funcións públicas e que xestionen fondos públicos. Todos os arquivos de institucións públicas están abertos ao público, de non ser que se axusten a algunha excepción prevista pola lei.

As institucións, tanto públicas coma privadas, que xestionen arquivos privados non teñen a obriga legal de abriren os seus arquivos aos usuarios externos, agás que a lexislación específica, un requirimento ou norma impoña tal responsabilidade. No entanto, existen arquivos privados que custodian documentos públicos e documentos persoais que teñen un destacado valor para comprender a historia social, económica, ou relixiosa da colectividade e das persoas, así como para a produción ou para apoiar o desenvolvemento. Os arquivistas que traballan en institucións privadas e que xestionan os seus arquivos deben fomentar que estas institucións faciliten o acceso público aos seus arquivos, especialmente se os seus fondos puidesen axudar á protección de dereitos ou ser de proveito para os intereses públicos. Os arquivistas deben destacar a importancia que ten a apertura dos arquivos en beneficio da transparencia e credibilidade institucional, así como que esta apertura aumenta o coñecemento público da historia da institución e a súa contribución á sociedade, axuda á institución a cumprir coa súa responsabilidade social de compartir a información para o ben público e fortalece a imaxe da institución.

2. As institucións que custodian arquivos deben dar a coñecer a súa existencia, incluíndo os que non son accesibles e informar das restricións de acceso que lles afectan.

Os usuarios deberían poder localizar a institución que conserva documentos do seu interese. Os arquivistas facilitan, sen custo ningún, información sobre a institución e os arquivos que conserva. Os arquivistas informan sobre as normas xerais de consulta dos documentos en función das disposicións legais, da política e das normas da institución. Deben asegurarse de que as descrições estean ao día, sexan correctas e cumpran as normas internacionais de descripción, en prol de facilitar o acceso. Os arquivistas han de compartir os borradores das descrições dos arquivos cos usuarios se carecen de versións definitivas, cando isto non comprometa a seguridade dos arquivos ou as necesarias restricións sobre o acceso.

As institucións que permitan a consulta de calquera parte dos seus arquivos publicarán a política de acceso. Os arquivistas parten da hipótese da accesibilidade; se as restricións

sobre o acceso son necesarias, os arquivistas han de garantir que as cláusulas estean redactadas claramente, para lle facilitar ao público a súa comprensión e para mellorar con coherencia a súa aplicación.

Os usuarios teñen dereito a saber se existen ou non unha determinada serie, expediente, documento ou parte dun documento, incluso se non están dispoñibles para a súa consulta ou foron destruídos. Os arquivistas sinalarán mediante unha descrición precisa e inserción de follas informativas ou medios electrónicos o feito polo cal algúns arquivos están pechados. Os arquivistas han facilitar toda a información posible sobre os documentos non accesibles, mesmo a información sobre os motivos desta restrición e a data na que estes documentos se revisen ou poderán facerse accesibles, de xeito que esta descrición non divulgue a información que estea restrinxida ou viole as normas e leis sobre protección.

3. As institucións que custodian arquivos deben adoptar iniciativas sobre o acceso.

Os arquivistas teñen a responsabilidade profesional de promover o acceso aos arquivos. Os arquivistas transmiten a información sobre os arquivos a través de diversos medios como internet, publicacións na web, materiais impresos, programas públicos, medios comerciais e actividades de formación e sensibilización. Os arquivistas están permanentemente ao día sobre os cambios tecnolóxicos relativos á comunicación e empregan aqueles que son posibles e prácticos para dar a coñecer os arquivos. Os arquivistas cooperan con outros arquivos e institucións na elaboración de índices, guías, portais de arquivos e puntos de acceso co fin de axudar aos usuarios na localización dos arquivos. Os arquivistas traballan activamente para facilitar o acceso a aquelas partes dun arquivo que sexan de grande interese para o público en xeral mediante as publicacións, a dixitalización, publicación na páxina web da institución ou mediante a cooperación en proxectos de publicación externos ao arquivo. Os arquivistas teñen en conta as necesidades dos usuarios para determinar a publicación dos arquivos.

4. As institucións que custodian arquivos garanten que as restricións de acceso son claras e teñen unha duración determinada, están baseadas na lexislación pertinente, recoñecen o dereito á privacidade e respectan os dereitos dos propietarios dos arquivos privados.

Os arquivistas facilitan o meirande acceso posible aos arquivos, pero admiten e aceptan a necesidade dalgunhas restricións. As restricións son impostas pola lexislación, pola política institucional, tanto do arquivo coma do organismo produtor ou polo doador. Os arquivistas garanten que as políticas de acceso e as normas das súas institucións son estean a disposición pública, de xeito que as restricións e os seus motivos sexan claros para todos os posibles usuarios.

Os arquivistas buscan limitar o alcance das restricións ás impostas pola lei ou en determinados casos nos que o prexuízo concreto, relativo a un interese lexítimo público ou privado temporalmente pese máis que o beneficio da súa divulgación. As restricións son impostas para un tempo limitado, xa sexa un período concreto de tempo ou para unha condición determinada, como por exemplo cando acaece a morte dunha persoa.

As restricións de carácter xeral son de aplicación para todos os documentos; adecuadas á natureza de cada institución, abranguen a protección dos datos persoais e a privacidade, a seguridade, a información para a investigación ou execución da lei, os segredos comerciais e a seguridade nacional. O ámbito e a duración destas restricións xerais teñen que ser claras.

O acceso aos documentos doados e aos documentos persoais está limitado polas condicións establecidas no instrumento de transferencia, como pode ser a escritura de doazón, un testamento ou a correspondencia. Os arquivistas discuten e aceptan as restricións do doador sobre o acceso cando son claras, cunha duración limitada e poden ser aplicadas en termos equitativos.

5. Os arquivos son accesibles en condicións de igualdade e imparcialidade.

Os arquivistas facilitanlles o acceso aos usuarios de forma xusta, igual, no momento oportuno e sen discriminación. Moitos tipos de persoas usan os arquivos e as normas de acceso poden ser diferentes en función destas categorías de usuarios (por exemplo, o público xeral adoita procurar información sobre o nacemento de familiares, os investigadores de temas médicos buscan información estatística nos documentos dos hospitais, vítimas de violacións de dereitos humanos). As normas de acceso aplicaranse por igual a todas as persoas de cada categoría, sen ningún tipo de discriminación. Cando un documento restrinxido é revisado e se permite o acceso a unha persoa do público xeral, ha de concedérselle ao resto nos mesmos termos e condicións.

As solicitudes de acceso recibidas resolveranse tan rápido como sexa posible. Os documentos de institucións públicas que estiveran abertos ao público con anterioridade á súa transferencia a un arquivo, manterán esta accesibilidade tras a súa transferencia, con independencia do seu contido, forma ou data, agás aqueles que se difundisen dun xeito ilegal ou non se autorizen. Se só unha parte da información contida nun documento se publicou ou está dispoñible para o público, permanecerá accesible tras a súa transferencia; a información que non se dea a coñecer está suxeita á política normal sobre acceso e aos seus procedementos.

Os arquivistas incentivan as accións lexislativas e reguladoras da accesibilidade aos documentos de forma responsable e non apoian as tentativas de prohibir o acceso á información que xa se fixo pública mediante a reclasificación ou a destrución dos documentos.

As institucións privadas que conserven documentos han de facilitar o acceso aos usuarios en condicións de igualdade. Non obstante, as cláusulas da doazón, requisitos institucionais sobre seguridade e outras limitacións poden requirir que os arquivistas fagan distincións entre os investigadores. Os criterios empregados polas institucións privadas para establecer o acceso selectivo han de estar establecidos na política de acceso público e os arquivistas han de fomentar que as súas institucións reduzan as excepcións do xeito máis amplo posible.

6. As institucións que conservan arquivos garanten que as vítimas de graves crimes, conforme ao dereito internacional, teñan acceso aos arquivos que conteñan a evidencia necesaria para facer valer os dereitos humanos e para documentar as súas violacións, mesmo cando eses arquivos non sexan accesibles para o público en xeral.

A Actualización do conxunto de principios para a protección e para o fomento dos dereitos humanos mediante a acción de combater a impiedade (Updated Set of Principles for the Protection and Promotion of Human Rights through Action to Combat Impunity) (2005), do Alto Comisionado dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas, declara que as vítimas de graves crimes, así considerados pola lexislación internacional, teñen o dereito de coñecer a verdade sobre esas violacións. Os Principios fan fincapé sobre o papel vital que o acceso aos arquivos ten no coñecemento da verdade, na determinación das persoas responsables

nas violacións dos dereitos humanos, reclamación de compensacións e a defensa contra as imputacións de violacións dos dereitos humanos. Os *Principios* declaran que toda persoa ten dereito a coñecer se o seu nome figura nos arquivos do Estado e, de ser así, rebater a validez desta información mediante a presentación no arquivo dunha solicitude razoada facilitada polos arquivistas, sempre que o expediente que conteña o nome se solicite para a investigación.

As institucións de arquivos reciben e custodian as evidencias necesarias para a protección dos dereitos humanos e para denunciar a violación dos dereitos humanos onde foran cometidos graves crimes contra o dereito internacional. As persoas que desexen consultar os arquivos por motivos relacionados cos dereitos humanos teñen acceso aos arquivos de interese para esta investigación, aínda que estean cerrados ao público xeral. O dereito de acceso coa finalidade de defensa dos dereitos humanos aplícase aos arquivos públicos e, na medida do posible, aos arquivos privados.

7. Os usuarios teñen dereito de apelar unha denegación de acceso.

Toda institución arquivística dispón dunha norma e dun procedemento claros para a reclamación das denegacións iniciais de acceso. Cando unha solicitude de acceso aos arquivos se denega, os motivos para a denegación han de estar establecidos por escrito claramente e han de comunicárselle ao solicitante tan pronto como sexa posible. Os usuarios aos que se lles denegase o acceso han de ser informados sobre as posibilidades de reclamación, o procedemento para realizala e os prazos, se houber.

Nos arquivos públicos poden existir diferentes niveis de apelación, tales como unha primeira revisión interna e unha segunda reclamación ante unha autoridade independente e imparcial establecida por lei. Nos arquivos privados o procedemento de reclamación pode ser interno, pero debe seguir o procedemento xeral.

Os arquivistas que participan na denegación inicial han de facilitarlle á autoridade que a revise a información relevante sobre o asunto, pero non poden tomar parte na resolución da reclamación.

8. As institucións que custodian arquivos garanten que as limitacións de carácter operativo non impidan o acceso aos arquivos.

A igualdade do dereito de acceso aos documentos dos arquivos non é só un tratamento semellante, senón que inclúe tamén o dereito de beneficiarse dos arquivos.

Os arquivistas entenden as necesidades dos investigadores actuais e potenciais e aplican este coñecemento para o desenvolvemento de políticas e servizos que coordinen esas necesidades e reduzan as limitacións de acceso de carácter operativo. En particular, os arquivistas axudan a quen padeza minusvalías, aos analfabetos ou aos desfavorecidos, e a quen teñan calquera outro tipo de dificultade para utilizar os arquivos.

Os arquivos públicos non cobran unha taxa de admisión a quen desexe investigar neles. Cando os arquivos privados cobren unha taxa de admisión han de considerar que esta non debe supor unha barreira para a utilización do arquivo.

Os usuarios, tanto os que visitan o arquivo coma os que viven lonxe del, poden obter copias dos documentos nos diferentes formatos que permita a capacidade técnica do arquivo. As institucións deben aplicar taxas razoables para este servizo de solicitude de copias.

A liberalización parcial aos documentos é unha posibilidade de acceso cando non poida realizarse na totalidade do expediente ou do documento. Se un documento contén información sensible nunhas cantas frases ou nun número concreto de páxinas, esa información é reservada e o resto do documento pode pórse ao acceso público. Como proceder xeral, os arquivistas non rexeitan que se enmascare parte de contido; no entanto, se o enmascaramento converte ao documento ou expediente en enganoso ou inintelixible, os arquivistas non taparán nada e os documentos permanecerán inaccesibles.

9. Os arquivistas teñen acceso a todos os arquivos restrinxidos e realizarán todo o traballo arquivístico necesario neles.

Os arquivistas teñen acceso a todos os arquivos restrinxidos que estean baixo a súa custodia co fin de analizalos, preservalos, organizalos e describilos para que se coñeza a súa existencia e as razóns das restricións de acceso. Este tratamento arquivístico contribúe á protección dos arquivos ante posibles destrucións ou perdas deliberadas ou non, e a que se asegure a integridade dos arquivos. A conservación e descrición dos arquivos non accesibles fomenta a confianza do público nos arquivos e na profesión dos arquivistas. Para isto, os arquivistas facilitaránlle ao público o coñecemento destes arquivos e o carácter xeral dos documentos non accesibles, e axudarán a que se coñeza cando e como estes serán accesibles. Se a restrición se debe a motivos de seguridade nacional ou outras causas que requiran autorización especial, os arquivistas cumprirán cos procedementos de autorización establecida para conseguir o acceso.

10. Os arquivistas participan nos procesos de toma de decisións sobre o acceso.

Os arquivistas axudan as súas institucións a establecer as normas e procedementos de acceso e a estudar os arquivos para facelos accesibles dentro do marco legal, directrices e boas prácticas vixentes. Os arquivistas traballan cos xuristas e outros especialistas para establecer un marco básico de traballo e para a interpretación das restricións que logo apliquen. Os arquivistas coñecen os arquivos, as restricións sobre acceso, as necesidades e os requisitos establecidos polas partes interesadas e que información xa é de dominio público; os arquivistas aplican este coñecemento cando se deben adoptar decisións sobre o acceso. Os arquivistas axudan á institución a tomar decisións fundadas e obter resultados consistentes e razoables.

Os arquivistas fan un seguimento das restricións, revisando os arquivos e eliminando as restricións que xa non son aplicables.

Principios de acceso aos arquivos

GLOSARIO

Todas as definicións están tomadas do *International Council on Archives Handbooks Series*, volumen 7, *Dictionary of Archival Terminology*, 2ª edición, Munich: K.G. Saur, 1988, se non



international council on archives
conseil international des archives

se especifica algo en contrario.

Acceso. Posibilidade de consultar os documentos de arquivos como resultado dunha autorización legal e a existencia de instrumentos de descrición.

Acceso restrinxido. Limitación de acceso aos documentos/arquivos, a documentos concretos ou a certo tipo de información, imposta por normas xerais ou específicas que determinan a data de acceso ou exclusións xerais de acceso.

Clasificación de seguridade. Restrición de acceso e uso de documentos ou información, así imposta por un goberno na defensa da seguridade nacional. Os documentos/arquivos ou a información cualifícanse como clasificados.

Confidencialidade. Calidade ou propiedade de privacidade ou segredo que se atribúe a certa información e/ou documentos e que limita así o seu acceso.

Depósito. Ingreso/entrega de documentos para a custodia nos arquivos, sen transferir a súa titularidade.

Desclasificación. Eliminación de todas as restricións de clasificación de seguridade no acceso á información ou aos documentos.

Doazón. Ingreso de fondos adquiridos sen retribución económica e co traspaso da titularidade do recibido, xeralmente formalizada nunha escritura ou instrumento de doazón.

Donante. A fonte da que procede unha doazón.

Enmascarar. Proceso para ocultar ou retirar información sensible nun documento antes de abri-lo ao seu uso público.

Escritura. Documento cos signos de validación / validado, que en moitos países ten que facerse ante notario público, e que, cando se entrega, produce efectos xurídicos ou de acordo entre as partes.

Expediente. Unidade organizada (carpeta, volume, etc.) de documentos agrupados xa sexa para o seu uso polo produtor ou no proceso de organización do arquivo, porque se refiren ao mesmo asunto, actividade ou negocio. O expediente adoita ser a unidade básica dentro dunha serie. [Fonte: *General International Standard Archival Description, 2nd edition*].

Fondo. Conxunto de documentos, de calquera tipoloxía ou soporte, producidos organicamente e/ou reunidos e utilizados por unha persoa, familia ou organismo no exercicio da súa actividade e funcións. [Fonte: *General International Standard Archival Description, 2nd edition*].

Instrumento de descrición. Termo xenérico que abarca calquera descrición ou medio de referencia, elaborado ou recibido por un arquivo no proceso de establecer un control administrativo ou intelectual da documentación. [Fonte: *General International Standard Archival Description, 2nd edition*].

Liberdade de información. O concepto dun dereito de acceso á información contida nos documentos de calquera idade, diferente do dereito de acceso aos arquivos.

Privacidade. Dereito que protexe fronte a divulgación non autorizada da información de carácter persoal e privada contida nos documentos/arquivos.

Protección de datos. Protección legal dos dereitos dos individuos no relativo á recollida, almacenamento e tratamento automatizados dos datos persoais en formatos lexibles por máquina e a súa divulgación.

Revisión de acceso. Análise dos documentos/arquivos para determinar a presenza de documentos ou información suxeitos a acceso restrinxido.

Unidade documental simple. A unidade arquivística máis pequena e indivisible intelectualmente, por exemplo unha carta, memorando, informe, fotografía, documento sonoro. [Fonte: *General International Standard Archival Description, 2nd edition*].